


BASES EN GALEGO

Premio Internacional de Poesía

CARLOS



ROZA



PREMIOS CARLOS OROZA

BASES DO PREMIO INTERNACIONAL DE POESÍA CARLOS OROZA EN LINGUA GALEGA

Co dobre obxectivo de manter viva a memoria de Oroza e de promover a escrita de poesía, tanto en galego como en castelán, a Asociación Évame Oroza convoca o Premio Internacional de Poesía Carlos Oroza, que terá un carácter bienal. O premio conta con dúas categorías, unha para aqueles orixinais presentados en lingua galega e outra para os presentados en lingua castelá. A modalidade do certame en LINGUA GALEGA rexerese polas seguintes BASES:



- 1. Prazo de presentación das obras: dende o 22 de marzo de 2023 ata o 30 de xuño de 2023.**
- 2. Poderán concorrer a este premio persoas de calquera nacionalidade, maiores de idade, que presenten unha obra escrita en lingua galega en calquera das normativas vixentes. As obras deben ser inéditas, non premiadas en ningún outro certame, nin publicadas ou rexistradas en calquera soporte, sexa total ou parcialmente. Cada persoa poderá participar cunha soa obra por modalidade (galego ou castelán) e non poderán ser traducións nin versións.**

Ao presentarse a este certame, a autora ou autor responde sobre a orixinalidade da obra. A organización non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poidan xurdir, recaendo na persoa participante as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que puidesen corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As obras poderán concorrer a outros certames ao mesmo tempo. Neste caso, as persoas participantes teñen a obriga de informar a Asociación Évame Oroza da concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, que será inmediatamente excluída do Premio Internacional de Poesía Carlos Oroza.

Non pode concorrer a este certame ningunha persoa que forme parte da directiva da Asociación Évame Oroza.



- 3.** O premio da modalidade de lingua galega é único e está dotado con 6.000 €, cantidade da que se deducirán os correspondentes impostos. A Asociación Évame Oroza publicará a obra gañadora e reservarase os dereitos de edición da mesma durante un prazo de 18 meses, que comezarán a contar dende a data da concesión do premio.

A autora ou autor manterá os dereitos para a posible edición da obra en calquera outra lingua distinta á galega. Esta edición non poderá ser realizada, en ningún caso, con anterioridade á edición en galego.

- 4.** As obras serán de tema libre e terán unha extensión mínima de 500 versos.

- 5.** A presentación dos orixinais será a través do correo electrónico, no enderezo premiocarlosorozagal@evame.org . O autor ou autora enviará 2 arquivos independentes anexados no mesmo correo. Un deles será a OBRA, que terá formato PDF, e cuxo arquivo se identificará co título da mesma seguido do pseudónimo co que a autora ou autor se presenta (Título da obra-Pseudónimo.pdf). A obra será asinada con pseudónimo, e nin na obra nin no arquivo debe figurar o nome do autor ou autora.

O outro arquivo será a PLICA, que se identificará coa palabra PLICA seguida do título da obra e o pseudónimo (Plica-título da obra-pseudónimo.pdf). No documento da plica debe figurar: o título da obra, o pseudónimo, o nome e apelidos da autora ou autor, unha copia do DNI ou documento acreditativo de identidade, un enderezo de correo electrónico e un teléfono de contacto.



Todas as autoras ou autores recibirán a notificación da recepción da obra polo mesmo medio que foi enviada, sen que se manteña máis contacto co autor ou autora ata a finalización do certame, salvo que esta resulte gañadora.

- 6.** O xurado será nomeado pola Asociación Évame Oroza e estará composto por tres persoas de recoñecida traxectoria no ámbito literario e unha persoa que actuará como presidenta ou presidente do xurado e que terá voz, pero non voto.

Corresponderalle ao xurado a interpretación destas bases.

A resolución do xurado será inapelable e darase a coñecer ao longo do mes de novembro de 2023.

- 7.** As persoas que se presentan a este certame autorizan expresamente a Asociación Évame Oroza ao uso dos datos persoais achegados para os efectos relacionados con el. De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais obtidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade da Asociación Évame Oroza cuxa finalidade é a xestión do presente concurso.



**A participación no certame implica a aceptación
destas bases.**



